

Casas Anarquistas de Mulleres Libertarias

[A resistencia anarquista das mulleres
despois do levantamento fascista de 1936]



Casas Anarquistas de Mulleres Libertarias

[A resistencia anarquista das mulleres
despois do levantamento fascista de 1936]

Confederación Nacional do Traballo

A Coruña-Compostela, 2007



O folleto

Casas Anarquistas de Mulleres Libertarias

(A resistencia anarquista das mulleres

despois do levantamento fascista de 1936)

foi escrito por

Carmen Blanco

e publicado pola

Confederación Nacional do Traballo

da Galiza (CNT)

en

A Coruña-Compostela

no ano 2007

Limiar

Cando a comezos da primavera do 2006 o meu compañeiro Claudio Rodríguez Fer e máis eu, estabamos coordinando o número 11 de *Unión libre. Cadernos de vida e culturas, Vermellas*, dedicado á represión das mulleres polo fascismo desatado en 1936 en Galicia, chegounos a colaboración, solicitada a Dionisio Pereira e Eliseo Fernández, sobre as anarquistas, titulada «Unha achega á represión franquista contra as mulleres libertarias na Galiza». Nela impresionoume fortemente a importante participación activa das humildísimas fémias anarquistas na resistencia e na recuperación do movemento libertario na clandestinidade, no contexto dos horrores da represión bélica e ditatorial franquista, coa creación dunha rede de casas de acollida.

Decidín entón resaltar e investigar un pouco máis sobre o tema das *casas anarquistas* para contribuír á recuperación do nome das mulleres que as sostiñan e para facerlles unha xusta e merecida homenaxe pola defensa que fixeran da liberdade, cousa que puideron facer grazas a que Eliseo me enviou a Causa 992 / 37 da caída das Atochas. Así preparei a intervención que me solicitaron para o congreso *Destecendo a desmemoria. Galiza na loita antifranquista (1936-1977)* que se celebrou en Pontevedra en novembro do 2006, coordinado pola AS.PG e promovido pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia e que titulei «Casas anarquistas de mulleres libertarias».

Rosa Bassave Roibál escoitou en Pontevedra a miña alocución apaixonada sobre a loita solidaria e resistente desas mulleres operarias e invitoume en marzo de 2007 a dar unha charla nas xornadas libertarias celebradas no local

da CNT de Compostela. E alí fun, convocada por Rosa e por Pancho Valle-Inclán, o 5 de marzo, a disertar e debater, ante un heteroxéneo e interesado público, baixo a convocatoria *Casas anarquistas de mulleres libertarias. Uma lembrança do papel protagonista e solidariedade revolucionaria das mulheres galegas durante a guerra civil*. Foi para min un pracer participar nun acto ateigado de xente de todas as idades, entre a que había numerosas mulleres. Á fin da prolongada xornada, Alberte de Esteban Gracia pediume o texto para a súa publicación por parte da CNT. Este feito de ver publicada a miña modesta investigación *Casas anarquista de mulleres libertarias* pola CNT de Galiza é para min un enorme pracer e unha grande honra. Para elo ampliei a miña documentación sobre Basilisa Álvarez González, coñecida tamén como «Sofía Rodríguez» e «A Corales», grazas á consulta dos dous procesos nos que foi encausada e que me foron facilitados de novo xenerosa e solidariamente por Eliseo Fernández, esta vez coa intermediación de Dionisio Pereira.

Eu non son unha historiadora profesional, senón unha escritora, unha profesora de literatura galega e unha muller feminista e libertaria independente que vén recuperando a historia das mulleres desde finais dos anos setenta do século XX, porque daquela ninguén o facía, e que segue no labor, porque o que eu fago ninguén o pode facer por min.

Quero dar as grazas, en primeiro lugar, ao meu compañeiro, Claudio, que me trae publicacións libertarias de todos os lugares do mundo aos que viaxa; ao meu irmán Martín Blanco, cenetista que me mantén ao corrente do anarcosindicalismo e que me subscribiu ao xornal *CNT*; así como aos meus asesores no tema da historia do movemento libertario, Dionisio Pereira e Eliseo Fernández. E, en segundo lugar, ás persoas que asistiron ao acto da CNT en Compostela, pois coas súas achegas leváronme a facer certas precisións no texto definitivo. Grazas, igualmente, a Jesús García, polos seus envíos de publicacións libertarias desde Betanzos. E, grazas tamen, por suposto, a Rosa Bassave, Alberte Esteban e Pancho Valle-Inclán pola súa invitación ás xornadas libertarias e á publicación da homenaxe ás mulleres anarquistas. Saúde e anarquía.

Carmen Blanco

Lugo, 31, marzo, 2007.



Mulleres Libertarias

Sabemos por Dionisio Pereira e Eliseo Fernández, a quen seguiremos esencialmente neste escrito, que o movemento libertario tivo un importante desenvolvemento durante a Segunda República e, con el, tamén o movemento libertario de mulleres. Segundo os datos destes dous investigadores, á altura da primavera e o verán de 1936 unhas 6.000 mulleres estarían integradas no sindicato anarquista CNT en Galicia, das cales entre 2.000 e 2.500 pertencerían á federación local d' A Coruña, uns números pequenos en termos absolutos, pois só representarían o 15% e o 20% do total da afiliación anarquista galaica, mais un número relativamente considerable desde o punto de vista cualitativo se temos en conta o pouco continxente proletario feminino do país –aínda que estivese entre os máis altos do estado, despois de Cataluña- e o peso xeral do conservadurismo na sociedade galega.

Estas mulleres libertarias constituíron, pois, unha importante minoría operaria de avanzada social formada por cigarreiras, misteiras, chavoleiras, estibadoras, empacadoras, atadoras, redeiras, veleiras, pescantinas, mariscadoras, conserveiras, salgazoneiras, mandadeiras, porteiras, mineiras, metalúrxicas, litógrafas, telefonistas e obreiras textís, do calzado, da alimentación, da construción e de oficios varios, que vivían fundamentalmente na cidade d' A Coruña mais tamén noutros lugares con presenza anarcosindicalista como Vigo, Cangas, Aldán, Marín, Lourizán, Carril, Vilagarcía, Vilanova de Arousa, A Pobra, O Grove, Ribeira, Escarabote, Boiro, Porto do Son, Camariñas, Sada, Ares, Xubia, Mugar dos, Cariño, Cedeira, Celeiro, Viveiro, Lousame, O Freixo, Verín ou Negreira. A estas obreiras de vangarda habería que engadir a outra vangarda formada pola minoría de mulleres integradas na Federación Anarquista Ibérica e nas Juventudes Libertarias, en Vanguardia Femenina da FAI e en Mulleres Libres, así como as vencelladas dalgunha maneira aos Ateneos Libertarios, Centros de Estudos Sociais, Escolas Racionalistas e ás diversas publicacións libertarias que

agromaron nos anos previos ao verán de 1936. Por todas elas o libertarismo galaico tivo tamén corpo e mente de muller.

Unha Resistencia de Mulleres

Como é sabido, a riqueza acadada polo movemento libertario galaico foi destruída a raíz do levantamento militar fascista de xullo de 1936 e con el a vangarda de mulleres libertarias foi esfarelada. Unhas cantas morreron xa nos primeiros momentos combaténdoo nas rúas e a maioría foi caendo despois, a mans da acción represiva dos sublevados, asasinada, acosada, detida e encarcerada. Só unhas poucas lograron agacharse sen ser descubertas, fuxir ou exiliarse. A avanzada libertaria das mulleres foi detida, como quen detén o mar. Mais a memoria do seu esplendor republicano e da súa resistencia ante á determinación de aniquilación fascista está viva en nós como unha segura esperanza de presente e de futuro.

Porque ante a inmensidade do horror e do desastre da represión fascista, unha minoría de mulleres libertarias resistiu opoñéndose á vontade de aniquilación do movemento revolucionario, agachándose, agachando aos compañeiros anarquistas e traballando na clandestinidade pola reorganización da actividade revolucionaria. Neste esforzado e dificilísimo labor de mantemento e afortalamento do movemento libertario, as mulleres actuaron sacándolle partido ás funcións tradicionais do seu sexo, aproveitándose a un tempo da ideoloxía sexista do novo réxime e das potencialidades que a peculiar cultura feminina lles proporcionaba. Pero tamén, indo máis alá desa cultura feminina e subvertendo os papeis tradicionais do seu xénero, traballaron na reconstrución da FAI e do libertarismo acosado. Desta maneira, elas exerceron dentro do movemento anarquista de resistencia fundamentalmente unha función infraestructural, imprescindible para a subsistencia do anarquismo. Esta función concretouse esencialmente no traballo de comunicación e enlace entre os distintos militantes e dirixentes, traballo facilitado pola súa maior liberdade de movemento debido á súa condición feminina menos sospeitosa de subversión para o reccionarismo fascista. O outro labor esencial das libertarias nesta resistencia foi o de axuda, acollida e coidado

dos compañeiros perseguidos. Neste labor as mulleres constituíron unha rede de casas de acollida e outra de distribución de alimento, lavado de roupa e recadación de cartos para os compañeiros agachados e presos. Imos facer memoria en homenaxe dalgunhas destas mulleres que coñecemos e que destacaron nesta importantísima función de mantemento do anarquismo na clandestinidade.

13/30

VIVA ESPAÑA!

SEGUNDO AÑO TRIUNFAL

REPÚBLICA DE ESPAÑA
JURISDICCION DE INVESTIGACIÓN
DE LA FISCALIA DE LA PROVINCIA
LA CORUÑA

N.º 8165

En cumplimiento de lo ordenado en sus respetables escritos, tengo el honor de participar a V.S. que según informa el Agente encargado del correspondiente servicio, las gestiones practicadas hasta ahora, dieron por resultado averiguar que SOFIA RODRIGUEZ(a) La Corales, doñiciada en la calle de Atocha Alta nº 120 bajo, tiene unos 42 años, aproximadamente, y que desde poco después de los 15 de edad, fué una joven alegre y libre, la que se dedicó mucho tiempo a la prostitución, hasta que por fin comenzó a vender pescado, como venia haciendo últimamente. No fué posible adquirir su filiación, pese a las muchas gestiones realizadas.

Se sabe que era extremista, de lo que parece ser hizo gala la misma, e hizo propaganda de esos ideales.

Se han llevado a cabo algunos registros en casas donde se sospechaba pudiera hallarse oculta, sin resultado todas esas diligencias y ultimamente circularon versiones de que se habia asentado para Oza de los Rios, pero es lo cierto que las gestiones llevadas a cabo para comprobarlo y apurarla, no dieron el resultado que se deseaba ni pudo comprobarse nada util para posteriores diligencias, las que han de proseguir al fin indicado.

Dios guarde a V.S. muchos años
La Coruña 5 de Agosto de 1937
EL COMISARIO JEFE

Rodríguez

JEFATURA DE FISCALIA
LA CORUÑA

Sr Juez Militar Permanente, Comandante D. Segundo Diaz
LA CORUÑA-



Casas Anarquistas

As Casas Coruñesas

Como dixemos, a cidade d' A Coruña foi o centro máximo do movemento libertario de mulleres que participou na resistencia ante o fascismo cunha rede de casas de acollida mantida ata a chamada caída das Atochas a raíz do 10 de xullo de 1937, caída posibilitada mercede á indigna infiltración que deu lugar ao «Informe Brandariz». O proceso de aniquilación da resistencia anarquista na Coruña foi estudado principalmente por Luís Lamela, Emilio Grandío Seoane e os citados Eliseo Fernández e Dionísio Pereira. Nós imos analizar o imprescindible protagonismo das mulleres nesa resistencia tendo en conta, ademais das investigacións citadas, as fontes da Causa 992 / 37 do Tribunal Militar de la Región Noroeste.

Na resistencia das Atochas aparece en primeiro lugar o nome de **María Otero González** que é asasinada na madrugada do 10 de xullo de 1937 na súa casa de Atocha Alta, 55, 1º á idade de 33 anos por disparos de arma de fogo da Guardia Civil. María era unha muller nacida en Allariz e a esas alturas viúva xa dun fusilado polos militares n' A Coruña. A súa participación na resistencia libertaria consistía en servir de enlace co anarquista arxentino de orixe grega Antonio Fournarakis, coñecido como Antonio Fernández «El Viejo» no labor de reconstrución da FAI e en manter unha casa de acollida para compañeiros e compañeiras perseguidos na súa vivenda de Atocha Alta. Na súa casa estivera agachada **Elisa Vázquez Rozas**, irmá do anarquista José Vázquez Rozas que estivera detida ao comezo do levantamento de 1936 e que sería de novo detida a consecuencia do proceso da caída da casa de María Otero e condenada finalmente á pena de 20 anos de

reclusión en decembro de 1937. E no momento da caída da casa de María Otero estaban refuxiados nela os anarquistas Fernándo Caamaño Pérez, vendedor de periódicos que resultou morto; Carlos Míguez Pérez, «Moreno», peón de 25 anos morto tamén; Jesús Rodríguez, «Chucho», de Ares e membro das Juventudes Libertarias igualmente morto; José González, secretario da FAI detido; e o seu irmán Rogelio González, camareiro ferido na toma da casa.

O segundo nome protagonista na caída das Atochas é o de **Alicia Dorado**, asasinada na tarde do mesmo día 10 de xullo en que caía morta de madrugada María Otero, no asalto á súa casa da Rúa do Carme, 6, faiado, no edificio denominado Villa Rosalía. Alicia vivía de aluguer nese domicilio e traballaba no momento do ataque á casa como panadeira mais con anterioridade fora expulsada da fábrica de tecidos La Primera Coruñesa polas súas actividades revolucionarias. Nese momento tamén era viúva dun paseado e amante do anarquista portugués Julio Acebedo Veiga, militante da Federación de Anarquistas Portugueses Exiliados. Esta relación con Julio Acebedo, segundo as declaracións da súa cuñada (que poderían ter unha motivación exculpatoria), **Marina Rey Sánchez**, separou ás dúas mulleres, que xa non tiñan trato, posto que Marina estaba inimistada con Alicia ao non ter gardado esta loito polo seu irmán. Marina era compañeira do anarquista Julio Lores Taboada, fuxido desde o comezo do levantamento de 1936, fora expulsada da fábrica de tecidos «La Primera Coruñesa» –ao igual que Alicia- pola súa actividade revolucionaria, realizaba o labor de enlace entre os militantes da FAI, foi detida na caída das Atochas e finalmente condenada a 12 anos en decembro de 1937. Alicia Dorado colaborou como enlace entre Julio Acebedo e Antonio Fournarakis no labor de reconstrución da FAI e tiña agachados na súa casa a estes dous dirixentes anarquistas. Así mesmo a súa casa serviu de lugar de encontro amoroso entre Fournarakis e **Pilar Suárez Marantes**, unha bordadora, segundo as fontes, bela e refinada, de Santa Margarita ou Rubine que abortara en abril nunha aldea con augardente alemá adquirida por María Otero, e que axudou a Fournarakis mentres este estivo na clandestinidade; será interrogada no proceso da caída das Atochas mais será absolta en decembro de 1937. No momento do asalto á casa de Alicia estaban agachados nela os dous anarquistas Acebedo e Fournarakis que fixeron fronte ao ataque no que foron asasinados nun primeiro momento Alicia Dorado e Antonio Fournarakis, mentres que Julio Acebedo logrou escapar polo tellado e saltar ao balcón da Verea do Polvorín, 1, 2º esquerda, onde foi finalmente abatido dende a terraza de enfronte.

Vencellada á figura de Alicia Dorado e aos resistentes da súa casa aparece

outro nome de muller, **Josefa Calvo Cortés**, compañeira do militante anarquista Enrique Rosende Huerta, camareiro do café «Asturias», e ela mesma enlace da FAI que resultará detida e que no momento da caída era unha peixeira e verdureira de 47 anos, cun fillo detido, Enrique Rosende Calvo, e outro, José Rosende Calvo, morto pola Guardia Civil en Elviña. Tiña a súa casa na rúa da Torre M. R. e, segundo as fontes, destacara na manifestación organizada con motivo de ter sido postos en liberdade pola Frente Popular os presos do cárcere, falaba mal dos militares e propalaba bulos en contra do Ejército Nacional. Era a encargada de suministrar peixe, froitas e verdura á casa refuxio de Alicia, pois ela traballaba de panadeira e non podía ir á praza. O día que mataron a Alicia, Acebedo e Fournarakis Josefa leváralles sardiñas e cereixas. O seu fillo Enrique será condenado a reclusión perpetua e ela resultará absolta en decembro de 1937.


Outra casa refuxio do grupo anarquista das Atochas foi a de **Aurora Miguélez Pena**, nai do anarquista Antonio Varela Miguélez, que foi paseado. A casa de Aurora estaba situada na Agra de Orzán, Observatorio, Letra S. Aurora actuou como enlace nas tarefas de reorganización da FAI e tivo agachado na súa casa a Antonio Fournarakis ata marzo de 1937, antes de que fose para casa de Alicia Dorado. A consecuencia da caída das dúas casas das Atochas e do grupo de anarquistas a elas vencellado, foi detida e condenada á pena de 12 anos e un día de prisión, logo rebaxada á de 6 meses e un día de prisión menor, en decembro de 1937. Na declaración da causa, aparecen escritas a man pola propia Aurora, antes da súa sinatura, as palabras «mi hijo no lo llevó», unhas palabras coas que trata de negar a declaración que se lle atribúe máis arriba pola Guardia Civil de ter agachado a Fournarakis porque o levara a casa o seu fillo, para así tratar de salvar ao propio fillo, que tamén sería detido e finalmente paseado.

Unha rede de casas de mulleres e homes volvemos atopar no caso do refuxio do anarquista José Torres Regueira que participou na defensa da Coruña e logo fuxiu ao monte para regresar e agacharse na cidade herculina grazas á axuda da súa compañeira **Consuelo Meitín Rodríguez**, con domicilio na Verea do Polvorín, 5, 1º, coa que tivo varios fillos e que foi a encargada de buscarlle refuxio ata que finalmente será detido e paseado o 16 de xullo de 1937. Consuelo é, pois, outro deses nomes de mulleres libertarias imprescindibles na resistencia. Era socia do Centro de Estudios Sociales «Germinal» en marzo de 1932 e militante das Juventudes Libertarias durante a Frente Popular. Foi detida en xullo de 1937, despois da detención do seu compañeiro José Torres, e foi condenada a 12 anos de prisión en decembro de 1937.

Entre as casas nas que estivo refuxiado o compañeiro de Consuelo Meitín, José Torres, aparece a dunha tal **Paca**, muller dun carpinteiro, na rúa de San Amaro, onde estivo uns dous meses. Tamén aparece a casa dunha prostituta chamada **Alejandra** que vivía na rúa Cartuchos, xunto ao Café de la Cuesta. Aparece, así mesmo, a casa de **Teresa Lamas Conchado**, viúva de 44 anos de idade no momento da súa detención e con domicilio na rúa de San Amaro que lle deu refuxio por unha noite. E aparece igualmente a casa de **María Seijas Sánchez**, compañeira do panadeiro anarquista coruñés Alejandro Basilio Palacios, que tiña agachado a José Torres cando foi detido, feito polo que ela tamén foi detida en xullo de 1937, despois da caída das Atochas. Ela sería finalmente absoluta en decembro de 1937, mais a súa casa, situada en Santa Catalina, 30, 4º, non só fora refuxio de José Torres, senón tamén con anterioridade de Antonio Fournarakis por dúas veces, nas vésperas do levantamento de 1936 e en 1934 durante a folga da construción.

Outra casa refuxio coruñesa foi a de **Basilisa Álvarez González**, «**A Corales**» ou «**Sofía Rodríguez**». Era esta unha muller moi humilde que se dedicara sendo noviña á prostitución e logo á venda de peixe n'A Coruña. Era unha libertaria pertencente á Sección de Empacadoras do Sindicato de Industria Pesquera, do que foi delegada, e á agrupación Mujeres libres. Despois do levantamento de 1936 colaborou activamente na rede de apoio aos fuxidos. Na súa casa do barrio das Atochas, situada en Atocha Alta, 2, baixo, tivo agachados aos anarquistas Fernando Caamaño; Antonio Chamorro Castro, un xastre de 18 anos pertencente ás Juventudes Libertarias que participou na resistencia ao Levantamento n'A Coruña; e Jesús Rodríguez, de 19 anos e traballador ferroviario en Betanzos; ata o 18 de xuño de 1937 en que foron descubertos e a súa casa foi asaltada. Na redada Antonio Chamorro foi detido e ela e o resto dos agachados conseguiron fuxir por unha fiestra. Con posterioridade, pasou a vivir clandestinamente baixo o nome citado de Sofía Rodríguez. Mentres, foi encausada no proceso contra Antonio Chamorro, sendo declarada en rebeldía e ditando contra ela orde de busca e captura. Neste tempo na clandestinidade levou unha existencia moi dura na que se dedicou a vagar agachada por aldeas e montes pedindo esmola ata que volveu á cidade d'A Coruña a refuxiarse en A Gaitreira, na casa da viúva **Emilia Calderón**, e colaborou na tentativa de fuga na traíñeira «Tres Hermanos». A consecuencia desta tentativa foi detida no outono de 1938 e condenada a 20 anos de cárcere o 16 de novembro de 1938. Nas causas 861 / 37 e 566 / 38 nas que foi procesada aparece relatada a dureza da súa vida e a súa constancia militante, ao tempo que se dan dela datos que poden ser significativos, como que tiña 42 anos cando foi detida, que era inimiga acérrima da relixión e que na manifestación do 1 de maio de 1936 ía á fronte da manifestación portando unha bandeira vermella e vestida toda ela de vermello.

Outra muller libertaria que tivo casa aberta n' A Coruña despois do levantamento de 1936 foi a destacada militante anarquista **Sebastiana Vitales Gascón**. Sebastiana foi unha aragonesa que emigrou aos Estados Unidos onde adoptou o ideario anarquista cando participou na Colonia «Francisco Ferrer» de Stelton-Nova Jersey xunto ao seu compañeiro, o fisterrán Francisco Ballón Pequeño. De volta da emigración instalouse n' A Coruña e integrouse na FAI, onde levou unha grande actividade e destacou como oradora nos numerosos actos libertarios dos anos finais da República que a levaron a falar en lugares como Cabovilaño, Vilagarcía, Viveiro, Elviña, Sada, Irixoa, Betanzos, San Pedro de Nós ou A Coruña. En decembro de 1935 acompañou a **Federica Montseny** ao mitin que esta pronunciou en Betanzos. Federica deixou dito nas súas impresións dunha viaxe por Galicia, publicadas en *La Revista Blanca*, e que hoxe podemos ler doadamente grazas a unha edición do Ateneu Libertario «Ricardo Mella», que Sebastiana era unha compañeira boa, valente, seria e abnegada. Foi integrante do grupo Vanguardia Femenina da FAI coruñesa e fundadora da sección local de Mujeres Libres na primavera de 1936. Despois do levantamento militar de 1936 ela e o seu compañeiro mantivéronse resistentes ata que el sería finalmente paseado. Ela acolleu na súa casa persoas perseguidas, polo que foi detida e estivo unha tempada en prisión. Ao saír do cárcere andivo agachada dous anos nos que sobreviviu primeiro levando pan branco desde Sada á Coruña e logo vendendo froita nas minas de wolfram de Aungalada-Coristanco para o que camiñaba diariamente catorce quilómetros coa súa filla Luz. Aquela foi unha época durísima na que pasou moita fame, mais, aínda así, sempre que podía leváballe alimentos aos presos. En 1954 decidiu exiliarse e marchar a Venezuela coas súas dúas fillas e alí mantivo contactos co profesor de orixe galega Ángel Rama, co anarquista catalán Germinal Gracia Ibars e co grupo editor da revista *Ruta*, do que o catalán era un dos animadores principais. Morreu no exilio no ano 2000. Con ela e por ela e con outras coma ela houbo en Galicia Vanguardia Femenina e Mujeres libres. Como estamos vendo, co acoso fascista sobre ela e sobre outras coma ela perdemos en Galicia a vangarda das mulleres libres. Logo o seu renacer sería difícil e serodio. Mais hoxe outra vangarda de mulleres libres continúa grazas a elas.



P/A 1/5

Sara Lamas

Sebastiana Vitales, por Sara Lamas

Casas de Arousa

O anarquismo tivo tamén forza na terra e no mar de Arousa. Aquí destacan pola súa militancia resistente e pola súa morte brutal e inxusta dúas mulleres libertarias: Josefa Barreiro González e Pilar Fernández Seijas.

Josefa Barreiro González era de Trabanca, Badiña (Carril) e vivía na Torre traballando no campo e limpando nas casas. Estaba afiliada á CNT de Vilagarcía. O seu marido, mariño mercante, era sobriño doutra libertaria, **Otilia Tobío**, coñecida militante da CNT de Vilagarcía que traballaba como xornaleira e comadrona e despois do levantamento de 1936 apoiou aos fuxidos no monte, onde estaba o seu fillo Ricardo. Foi precisamente por intermediación de Otilia Tobío como Josefa Barreiro acolleu na súa casa ao anarquista Urbano Tarrío. En marzo de 1937 foi torturada e asasinada por agachar a Tarrío, que tamén foi asasinado. Á morte de Josefa, Otilia acolleu na súa casa aos seus dous fillos orfos de nai e tivo que emigrar a Bilbao onde rexentou o bar «Ría de Arosa». A fins dos anos corenta os fillos de Josefa puideron pasar a Francia, desde o País Vasco, axudados por un parente, para reunirse co seu pai que estivera preso ao final da guerra e despois se exiliara alí.

Pilar Fernández Seijas tamén era de Trabanca, Badiña (Carril) e traballaba como obreira na empresa «Vasco Galaica» de aramos. Estaba afiliada ao Sindicato de Metalúrgicos da CNT de Vilagarcía e nunha súa casoupa de Cea tiña acollidos aos anarquistas Rodrigo Beruete, Antonio Sayanes e Manuel Limeres. En febreiro de 1937 a casoupa de acollida foi queimada con Pilar e os agachados dentro.



7/A 1/5

Sara Lamas

Josefa Barreiro, por Sara Lamas

Casas de Vigo

Outro importante centro do anarquismo foi a cidade de Vigo e na resistencia libertaria viguesa posterior ao levantamento de 1936 atopamos outras dúas casas de mulleres.

Virginia González Pastoriza era unha limpadora e repartidora de pan que tiña unha casa en Teis na que acolleu ao anarquista vigués José Luis Quintas Figueroa desde agosto de 1936 ata 1946, ano en que o anarcosindicalista na clandestinidade se translada ás minas de San Fins en Lousame. É detida en 1950, cando cae o propio Quintas, e é condenada a 6 anos e un día de cárcere.

Amparo Rivas Comesaña era dona dun establecemento de bebidas na estrada de Pereiró, onde se gardaba unha multicopista da CNT viguesa e tiñan lugar reunións clandestinas. No seu establecemento tivo lugar a reunión para a preparación da saída de José Luis Quintas Figueroa de Vigo cara as minas de Lousame.

Unha Casa en Lousame

María Josefa Becerra Laíño acollera na súa casa de Marselle (Lousame) ao mineiro anarquista Perfecto Vilas Romero, integrante do Sindicato Minero da CNT de Lousame. Foi asasinada o 24 de febreiro de 1938 en Marselle xunto co irmán do anarquista que tiña agachado, Antonio Vilas Romero.

Unha Casa en Xubias

Primitiva Lodeiro Otero era unha modista coruñesa noiva do anarquista Antonio Torres López. Tiña unha casa en Xubias onde tivo agachado a Antonio desde xullo de 1936 ata agosto de 1937, data na que os dous foron detidos na investigación policial da tentativa de fuxida no boniteiro «Explorador», na que estaba implicado tamén o irmán de Primitiva, Manuel Lodeiro Otero. Primitiva foi condenada a 12 anos e un día de cárcere en novembro de 1937.



Mulleres Libres e Casas Abertas

Vimos uns casos emblemáticos da resistencia libertaria na que unhas cantas mulleres libres foron casa aberta á acollida de anarquistas perseguidos e outros esquerdistas cercados. A mentalidade xenérica galaica, e non exclusivamente galaica, asocia e mesmo identifica á muller coa casa, coa acollida e co refuxio. Estas mulleres libres e libertarias foron acolledoras, foron refuxio e foron casa rupturista, de avanzada e de futuro fronte aos horrores da espantosa represión fascista que mataba o esplendor da liberdade libertaria. Estas mulleres libertarias eran humildes e case non tiñan nada, mais dábano todo solidariamente. Nestas casas deuse acubillo ao director do xornal anarquista *Brazo y cerebro*, Antonio Fournarakis, que estaba en conexión co anarquismo internacional, especialmente o americano e traballaba na reconstrución da FAI en Galicia, e nas causas contra o corazón anárquico galaico das Atochas coruñesas escóitanse as fermosísimas consignas libertarias faistas «Resplendor no abismo», «Sen Deus nin Patria» e «Nin Deus nin Fronteiras», ao lado do nome do esplendor revolucionario do Ateneo Libertario «Nueva Era». Que estas mulleres libres, as súas libres casas abertas e o mundo libre que habitaba nelas queden para sempre no noso corazón.

Fontes

Tribunal Militar de la Región Noroeste, Causa 992 / 37 da caída das Atochas, A Coruña, 1937.

Tribunal Militar de la Región Noroeste, Causa 861 / 37 contra Antonio Chamorro Castro, A Coruña, 1937.

Tribunal Militar de la Región Noroeste, Causa 566 / 38 pola tentativa de fuxida no «Tres Hermanos», A Coruña, 1938.

Bibliografía

Eliseo Fernández e Dionísio Pereira, *O anarquismo na Galiza. Apuntes para unha enciclopedia*, Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 2004.

Eliseo Fernández e Dionísio Pereira, «XXV anos de represión sobre os anarcosindicalistas galegos», *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* 9, *Memoria antifascista de Galicia*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 2004, pp. 139-148.

Eliseo Fernández e Dionísio Pereira, «Mulleres libertarias na Galiza (1931-

1936)», *Actas do II Congreso da Memoria. A II República e a guerra civil*, Culleredo, A Coruña, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2006, pp. 297-365.

Emilio Grandío Seoane, *Vixiancia e represión na Galicia da guerra civil. O «Informe Brandariz» (A Coruña, 1937)*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 2001.

Luis Lamela García, *Estampas de injusticia. La guerra civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 1998.

Luis Lamela, *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 2002.

Federica Montseny, *Impresiones de un viaje por Galicia*, A Coruña, Ateneu Libertário «Ricardo Mella», 1996.

Dionísio Pereira e Eliseo Fernández, *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2006.

Dionísio Pereira e Eliseo Fernández, «Unha achega á represión franquista contra as mulleres libertarias na Galiza», *Unión libre. Cadernnos de vida e culturas* 11, *Vermellas*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 2006, pp. 75-87.

AMPLIACION A LA DECLARACION DE AURORA MIGUELEZ PRINA. - La que fué anteriormente interrogada de nuevo como consecuencia de posteriores averiguaciones manifiesta, rectificando su declaración anterior: Que conoce al anarquista ANTONIO FOURNARAKIS a quien vio refugiado y oculto en su domicilio de la calle del Portorio letra "B" hasta fines de marzo último pasado, cuando es su casa por haberle ido a buscarle JULIO ACEVEDO para que se refugiara juntos en la casa n° 6 de la calle del Portorio. Que el motivo de haberlo tenido oculto la declarante lo es por haberlo llevado a casa su hijo, también anarquista, NINO VARELA MIGUELEZ, hoy soldado de Artillería.



Al mostrársele el papel impreso con la siguiente inscripción: "F.A.I. COMITE REGIONAL DE RELACIONES ANARQUISTAS GO - SECRETARIADO INTERNACIONAL, empleado por el FOURNARAKIS en las cartas escritas al GONZALEZ, lo reconoce y dice ser igual al que se le ocupó en un registro practicado en su domicilio y que todo ello pertenece al citado anarquista y varias hojas impresas al marcharse de su casa.

Aprecia y hace constar el instructor que el papel traído en casa de la declarante aparece recortada la inscripción antes citada para desvirtuar su origen y procedimiento en uno de los cartones a modo de carpeta que los contiene en primer término la firma "A. FOURNARAKIS" y la fecha de 22-1-37.

Respecto a cuanto consta en este párrafo, añade la declarante que fué ella quien recortó el membrete del papel y comprendió que la podía comprometer.

También añade que fué a la casa n° 6 de la calle Garmen a entrevistarse con el Fournarakis algunas veces de ellas con el objeto de llevarle ropa limpia, y que en este motivo vió en la casa al JULIO ACEVEDO. Asimismo dice que por encargo del FOURNARAKIS fué a ver a la madre del ACEVEDO de que entonces vivía en una bohardilla del Campo de San Pedro de que él fué a su hijo JULIO que fuése a buscar al FOURNARAKIS a casa de la declarante, quien atendiendo al reclamo vino a buscar al griego y se lo llevó.

De momento se da por terminada esta ampliación y después de leída, la firma.

*mi hijo no lo llevo
Aurora Miguelez
Manuel Castrocho*



Memória das Casas Anarquistas

Esta charla de Carmen Blanco sobre «Casas anarquistas de mulleres libertárias» deixou-nos sobrecolidos por moitos motivos: primeiro pola organización e compromiso das mulleres e homes anarquistas naqueles primeiros anos de fascismo; segundo pola xenerosidade co que actuaron pondo en perigo a propia vida para salvar ás veces a persoas que non tiñan que ver co movemento libertario.

E por último fica en nós a frase que dixo Aurora Miguélez Pena, nai do anarquista Antonio Varela Miguélez, que foi paseado, que acollera na súa casa a Fournirakis, coñecido anarquista que estaba a reorganizar a FAI, no mes de marzo do 1937 e que foi detida e interrogada sobre a cuestión. Para tentar salvar ao seu fillo puxo despois da súa declaración :
Mi hijo no lo llevó.

Sobran as palabras.

O texto desta charla é o que tedes agora nas vosas mans como homenaxe a estas valentes mulleres.